

**Banda sinfónica e coro do CMUS da Coruña**  
**Coro “Gaos”**  
**Coro de cámara “Statu variabilis”**

Alba López Trillo – (Soprano)  
María José Ladra González – (Mezzo)  
Daniel Canosa Castro – (Tenor dentro)  
David González Piñeiro – (Barítono)  
Abraham Cupeiro López – (Gaita)

Directores dos coros:  
Fernando López Briones  
Juan Pérez Berná

**DIRECTOR**  
**Julio Cabo Messeguer**



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA



**SIMPOSIO**  
**REPENSANDO GALIZA:**  
**AS IRMANDADES DA FALA**  
**(1916-1931)**



**TRES ESTAMPAS GALEGAS**

*MÚSICA: MAURICIO FARTO PARRA*  
*TEXTO: LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS*



**AUDITORIO de GALICIA**  
**18 de Novembro ás 21:00h**  
**2016**

## Tres Estampas Galegas

O 10 de Nadal de 1924 estrénanse as *Tres Estampas Galegas* de Leandro Carré, música de Mauricio Farto, no Teatro Rosalía Castro co coro “Saudade” que dirixía este último. O éxito foi tal que tiveron que repetir a actuación os días 11 e 14, xa que o conxunto presentado “chamou poderosamente a atención de público que axiña decatouse de que estaba diante de algo completamente novo e orixinal” (A Nosa Terra 1-I-1925).

A representación na que se incluían estas *Tres Estampas Galegas* compúñase de tres partes.

Na primeira interpretáronse as dúas primeiras Estampas: *Alborada no día da festa* e *Unha palillada en Camariñas*. Os decorados eran do escenógrafo Souza. Na segunda parte, con decorado de Camilo Díaz interpretan outras pezas de repertorio galego, e finalmente, na terceira parte, deuse a terceira Estampa, *A Espadela* tamén con decorado de Souza.

A crónica sinala así mesmo a variedade dos traxes e o acompañamento de orquestra. E tamén da o nome dos solistas do estreno: Amalia Pena, Esparza, o tenor Xuan Estrada e o baixo Venancio Deus. Tamén sabemos pola mesma crónica que había baile e interviña un gaiteiro.

A versión que se ofrece hoxe é unha versión de concerto, sen escena, polo tanto non hai nin os traxes, nin os decorados, nin o movemento escénico nin o baile. Estará interpretado pola colaboración desinteresada de alumnos e profesores dos conservatorios Profesional e Superior da Coruña, que queren contribuir deste xeito á conmemoración do centenario das Irmandades da Fala. A colaboración, así mesmo desinteresada, do Coro “Gaos” e o Coro de cámara” Statu variabilis” apoia o traballo dos alumnos de coro.

A preparación da partitura e materiais correu a cargo de Julio Cabo Messeguer, a partir dos orixinais de Mauricio Farto que se conservan nos arquivos de “El Eco” e da “Real Academia Galega de Belas Artes”. É importante aclarar que se fixo unha reinstrumentación para banda a partir do orixinal de piano e voces, xa que as partes instrumentais de orquestra que se conservan presentaban unha serie de deficiencias que fixo recomendable esta transcripción. Non obstante a parte coral e de voces é absolutamente fidedigna ao orixinal de Farto.

### Alborada no día da festa

*A escea representa a eira dunha casa forte labrega. Hai fóra unha mesa con xerras de viño e cuncas.*

Despois da introducción orquestral a pano baixo, escoitase un tenor que canta dentro *Lugariño de Retorta*. Soa o toque de diana e durante o seguinte fragmento instrumental vaixe abrindo o pano, luces de mencer. O Coro canta *O sol tralos montes xa s'ergue*. Escoitase unha alborada, logo o coro *Hala mozos veña troula*. Os homes diríxense a Antón: *Aquí mora a túa rapaza tes que lle cantar Antón* e o barítono solista lle canta á súa rapaza (Consuelo) *O meu corazón neniña*. O Coro celebra o canto do namorado *Que viva Consuelo a moza de Antón*. Consuelo e Antón cantan o seu dúo: *Estim'o teu saudo mozo galán* e se citan para bailar a foliada á tarde no turreiro. Logo Consuelo convida á parva ao coro que llo agradecen *D'hoxe nun ano o repitas*. Finaliza o coro cantando a alborada.

## Unha palillada en Camariñas

*Mesma escea de antes, sen a mesa. Están soas as mulleres facendo encaixes.*

Despois da introducción orquestral a pano baixo, ábrese lentamente.

As mulleres cantan *Dalle aos dedos rapariga*. Un barítono dentro canta *Nosa Señora da Barca*. As mulleres saben que os mozos non tardarán en viralles facer compañía. Efectivamente entran e todos cantan a xota *Veño da Virxen da Barca*. Inclúese un interesante contrapunto que comencan os tenores *Ai pasei pola Buserana*, seguidos inmediatamente dos barítonos *Na furna da Buserana*. Despois unha soprano canta en *A gaita da miña terra cando de rapaza a uvía* as emocións que lle inspira ese instrumento. Sin embargo para a mezzo, a gaita ten un significado de tristura porque lle recorda a morte do seu fillo, *Era o día da festa na aldeia*. O coro de palilleiras non quere escoitar tristuras neste día *Deixenos de lerias non nos faga entristecer*. Os mozos inrumpen na xuntanza *Xa están xuntas as rapazas* e pídenlles ás mozas que lles canten unha das súas cantigas. As mozas cantan *Como son de Camariñas*. Os mozos pídenlles que deixen o traballo que está o gaiteiro desexando tocar *Deixade nenas deixade*. Intervención do gaiteiro. Finaliza esta estampa o coro *E non deixes de bailare*.

### A Espadela

*Érguese o pano e vése ás mulleres baixo dun alpendre espadelando o liño. Algúns homes axúdannas tascando, recollendo, etc. O petrucio vai dun lado ao outro vixiando o traballo.*

As rapazas cantan mentras traballan *Tasca rapaza o liño nel malla a eito*, os homes contéstanlles *Volvede o liño i estrégalo axiña*. No Andante as mulleres quéixanse *Ninguén a bailar me chama* e os homes contestan *Decircho ben cho dixera*. Segue a Riveirana *Cantan as rulas aló nos piñares* cantada polos baixos e contrapunteada polas sopranos *Homes e paxaros*. Neste número é moi interesante a superposición entre homes (*As rapazas tal vós feiiceiras*) e mulleres (*As rapazas tal nós feiticeiras*) por movemento contrario. Inevitable que apareza a continuación o Desafío que piden os mozos *Rapaciñas deiticeiras non estedes tan caladas*. Tras dunha transición instrumental todo o coro canta a Pandeirada *Este pandeiro que toco*.

Aria de barítono o Foliada final: Soa unha campá e o Petrucio canta *Os sinos xa tocaron a oración* para decirlles a todos que marchen ás casas que xa é hora de repousar, que non lles pase como unha vez a el que sendo mociño e voltando de tunar atopouse coa Compañía e sufriu destonces moitos males. O coro se despide cunha brevíssima foliada *A festiña acabouse*. Baixa o pano rápido.